



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

10 NOV. 2024 22:56:08

Entrada **48137**

Sobre o proxecto de instalación da terminal de mercadorías en

Uxes

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao anuncio do Ministerio de Transportes de estudos informativos do novo ramal sur de acceso ao Porto Exterior da Coruña en Punta Langosteira e dunha nova terminal de mercadorías en Uxes (Arteixo).**

O pasado 24 de outubro o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel anunciou o inicio da redacción dos estudos informativos do novo ramal sur de acceso ao Porto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira e dunha nova terminal de mercadorías en Uxes.

Segundo alegou, é para avaliar a mudanza da estación de San Diego (A Coruña) debido á reordenación da fachada marítima e construción do ramal sur do enlace ferroviario a Punta Langosteira.

O Ministerio engadiu que o obxectivo é analizar como mellorar a conexión do ramal de acceso ao porto, actualmente en construción, para complementar e mellorar a conectividade ferroviaria da infraestrutura e dotar da capacidade suficiente a unha nova terminal na zona de Uxes “para dar servizo aos tráficoos que actualmente recibe a terminal de mercadorías da Coruña-San Diego, ubicada xunto ao porto interior da cidade.

O Ministerio encargou os estudos sobre estas dúas actuacións a Ineco, indicando que “están relacionadas entre si e que buscan completar o acceso ferroviario ao Porto Exterior cuxa construción estase a facer con fondos europeos. Unha das propostas debe analizar a viabilidade da estación en Uxes.

E a outra o acceso ferroviario ao Porto Exterior a través do ramal sur.





No concello de Arteixo conflúen diversas infraestruturas do estado como a A-6, o Porto Exterior de Punta Langosteira, a vía de acceso ao Porto sen que se vexa compensado polo impacto destas actuacións.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. En base a que consideracións decidiu o Ministerio de Transportes valorar Uxes no Concello de Arteixo como posíbel ubicación para a estación terminal de mercadorías?
2. Cando prevé que estean terminados os estudos relativos ás dúas propostas: a de analizar a viabilidade da estación de Uxes (Arteixo) e o relativo ao acceso ferroviario ao Porto Exterior a través do ramal sur?
3. Estudou o Ministerio a opción doutras localizacións como o Centro Loxístico de Transportes (CLT) de Ledoño (Culleredo) dado que reúne todas as condicións técnicas?
4. Que calendario de actuacións manexa o Ministerio en relación a estes proxectos?

Madrid, a 10 de novembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al anuncio del Ministerio de Transportes de estudios informativos del nuevo ramal sur de acceso al Porto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira y de una noticia terminal de mercancías en Uxes (Arteixo).**

El pasado 24 de octubre el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible anunció el inicio de la redacción de los estudios informativos del nuevo ramal sur de acceso al Porto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira y de una nueva terminal de mercancías en Uxes.

Segundo alegó, es para evaluar el cambio de la estación de Sano Diego (A Coruña) debido a la reordenación de la fachada marítima y construcción del ramal sur del enlace ferroviario la Punta Langosteira.

El Ministerio añadió que el objetivo es analizar cómo mejorar la conexión del ramal de acceso al puerto, actualmente en construcción, para complementar y mejorar la conectividad ferroviaria de la infraestructura y dotar de la capacidad suficiente a una nueva terminal en la zona de Uxes “para dar servicio a los tráficos que actualmente recibe la terminal de mercancías de A Coruña-San Diego, ubicada junto al puerto interior de la ciudad.

El Ministerio encargó los estudios sobre estas dos actuaciones a Ineco, indicando que “están relacionadas entre sí y que buscan completar el acceso ferroviario al Porto Exterior cuya construcción se está haciendo con fondos europeos. Una de las propuestas debe analizar la viabilidad de la estación en Uxes. Y a otra el acceso ferroviario al Porto Exterior a través del ramal sur.



En el Concello de Arteixo confluyen diversas infraestructuras del Estado como la A-6, el Porto Exterior de Punta Langosteira, la vía de acceso al puerto sin que se vea compensado por el impacto de estas actuaciones.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas escritas dirigidas al Gobierno:

1. ¿En base a que consideraciones decidió el Ministerio de Transportes valorar Uxes en el Ayuntamiento de Arteixo como posible ubicación para la estación terminal de mercancías?
2. ¿Cuándo prevé que estén terminados los estudios relativos a las dos propuestas: la de analizar la viabilidad de la estación de Uxes (Arteixo) y el relativo al acceso ferroviario al Porto Exterior a través del ramal sur?
3. ¿Estudió el Ministerio a opción de otras localizaciones como el Centro Logístico de Transportes (CLT) de Ledoño (Culleredo) dado que reúne todas las condiciones técnicas?
4. ¿Qué calendario de actuaciones maneja el Ministerio en relación la estos proyectos?

Madrid, a 10 de noviembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso